

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE SETEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 12 de setembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 9 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 8a, 8b, 9a, 9b, 10a e 10b)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8c, 9c e 10c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento e ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 6 de setembro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS S.A. - DRAGADOS S.A.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 9 de setembro de 2019 o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *"non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos"*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:07	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC41-542H24-3226B2-UNTE1Z-11W96B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do Sector Público para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento da UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS S.A. - DRAGADOS S.A. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

b) Procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)”

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento e ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 30 de agosto de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 9 de setembro de 2019 a enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen “Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento da NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332)”

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento e ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que o 7 de agosto de 2019, segundo o acordado pola Mesa de Contratación na sesión do 6 de agosto, se requiriu aos licitadores SERVICIOS SECURITAS, S.A., SAMYL, S.L., RANDSTAD PROJECT SERVICES, DIMOBA SERVICIOS, S.L. e ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A. a presentación do orzamento detallado do servizo consonte o previsto na cláusula 14.2.C e apartado 6.B da FEC do PCAP. Dos anteriores licitadores non presentaron documentación ningunha no prazo concedido: DIMOBA SERVICIOS, S.L. e ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.

Lémbrese, así mesmo, que o 19 de agosto de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do 12 de agosto, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:07	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC41-542H24-3226B2-UNTE1Z-11W96B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



cos seguintes licitadores:

1. SAMYL, S.L.
2. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
3. EULEN CEE, S.A.

Durante o prazo concedido, só presentou documentación EULEN CEE, S.A., da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 9 de setembro de 2019 a xefa do Servizo de Educación emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe *“non se pode por tanto, chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de contratos do sector público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas:

1. SAMYL, S.L.
2. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
3. EULEN CEE, S.A.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)”

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congresos (23.062-332)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 9 de setembro de 2019



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:07	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC41-542H24-3226B2-UNTE1Z-11W96B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación no punto 9a desta acta e dos informes de valoración das proposicións presentadas, procédese a formular a proposta de clasificación.

Toma a palabra o Sr. Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto, que formula o seu voto en contra por non estar de acordo coa clasificación e entender que os criterios de xuízo de valor condicionan os criterios de fórmula neste procedemento.

Cos votos a favor de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal, D^a. Susana Gallardo Fariña e D. Óscar Couce Senra e o voto en contra de D. Rubén Pérez Correa, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de agosto de 2019, de OBRASCON HUARTE SAIN, S.A. (OHL) e a UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. por non acadar o umbral do 50% da puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor en cumprimento do previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Excluir deste procedemento á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS S.A. - DRAGADOS S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	94,13
2	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	86,50
3	UTE FERROVIAL AGROMAN - ORECO, S.A.U.	84,89



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:07	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC41-542H24-3226B2-UNTE1Z-11W96B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Puntuación total
4	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. - FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.	81,85
5	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	78,35
6	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	75,26
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	61,13

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

b) Procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)”

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Oferta
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	85.872,37 €



	Licitadores	Oferta
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.924,74 €
3	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA. S.L.	90.753,34 €
4	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	93.772,58 €
5	NAROM, S.L.	94.373,29 €
6	ASFALGAL TÉCNICOS VIARIAS, S.L.	96.519,73 €
7	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA	96.982,06 €
8	CONSTRUCCIONES FECHI, C.L.	98.178,70 €
9	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	98.978,00 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	106.867,20 €
11	HORDESCON, S.L.	109.369,99 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congresos (23.062-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de agosto de 2019, de GRUPO SIFU GALICIA, S.L., por exceder a súa oferta económica o orzamento base de licitación correspondente á parte fixa do contrato.

Segundo.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 9 de setembro de 2019:

1. SAMYL, S.L.
2. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
3. EULEN CEE, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:07	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AC41-542H24-3226B2-UNTE1Z-11W96B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congressos (23.062-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	88,75
2	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	88,05
3	RANDSTAD PROJECT SERVICES	65,02
4	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	61,86
5	ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.	37,11

Cuarto.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

